



Compañeiras/os como é sabido o servizo de seguridade da Universidade da Coruña ven de saír a subasta e dende esta sección sindical queremos facer unha reflexión sobre o asunto.

Dende que o servizo de seguridade se xeneralizou na Universidade prodúcese concurso tras concurso unha circunstancia que é de salientar. Amparándose na suposta **“febleza económica”** a institución ben recortando o servizo cada vez máis.

Mentres o Campus segue a medrar, os postos de vixilancia diminúen cada vez máis, certo é, como nalgunha ocasión dixo algún xerente da Universidade, que nós non somos cuantificables como se foramos ladrillos, mais a nosa cuantificación, só se ve cando ocorren incidentes e temos que intervir, nese intre somos imprescindibles, nembargante aínda que existen cartas dirixidas a quen manda na Universidade, de decanos e directores de facultades pedindo expresamente o reforzo en determinadas franxas horarias (quenda de mañá na que non existe servizo nos campus), obviase por parte de quen dirixe a institución, en base a criterios económicos.

Até aquí sería admisible, si non se producira en certos ámbitos o fachendeo por parte da UDC da súa boa saúde económica, excepción do capítulo para o seu propio persoal.

Non teñen en conta que cada vez que fai un recorte afecta á plantilla de vixiantes que presta o servizo de seguridade, nos distintos Campus.

Pero a cuestión que mais nos preocupa é que por criterios unicamente económicos, poidan concederlle o servizo a algunha empresa que non poida nin pagarnos os salarios

Exemplos témolos noutros servizos públicos, so temos que mirar para o Concurso do CHUAC que de 27 empresas que se presentaron a el soamente catro podían cumprir co Convenio Colectivo por prezo de oferta.

Unha vez aberto na mesa de contratación os sobres das empresas, comprobamos que o servizo saíu tan axustado en prezo que todas as empresas grandes do sector o desbotaron ( Prosegur, Securitas, Eulen etc...), o que quere dicir que se nos condena a sufrir a realidade de empresas pequenas

nas que o seu beneficio sae dunha morea de incumprimentos laborais cos seus traballadores, a nosa, por sorte, non é así, atopámonos con que só se presentan dúas máis, unha de elas só no Campus de Ferrol, e no da Coruña a nosa e **outra**, que nos fai tremer.

O dono desta empresa xa traballou para a Universidade, cando era xerente de **Serramar**, e protagonizou un incidente no Campus de Esteiro no ano 2000. Este individuo acompañado por dous mandos intermedios da súa empresa, déronlle unha malleira a un vixiante por que este negóuselle a asinar unha folla de baixa voluntaria na empresa en branco, este é o dono da outra empresa que poxa polo Campus da Coruña unha ledicia si estas cousas non se teñen en conta, ademais este tipo de empresas soen ter políticas laborais nefastas, incumprindo o Convenio Colectivo con horas extras en negro fóra da nómina e cun prezo inferior ao estipulado, xornadas para cobrar o salario superiores ás marcadas en Convenio, e un longo etc. de circunstancias que nos fan pensar que de recaer nela teremos **conflictividade Laboral asegurada**

Esperamos que a dirección da Universidade teña lóxica e sentido con respecto a concesión que fai e que pense nos traballadores que con esta decisión se poden ver afectados.

No caso contrario sempre nos queda a acción sindical

**CUT de Prosenorsa sempre o lado dos traballadores**